



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS E/ OU
SISTEMAS DO PIANO**

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

Como materia que complementa os contidos de Evolución Estilística do Repertorio, unha parte importante dos seus contidos son comúns ás dúas, aínda que desde un punto de vista diferente: a do intérprete e a do pedagogo na tarefa imprescindible de dar vida á idea musical do compositor; papeis que en moitas ocasións recaen na mesma persoa-.

É inevitable tamén unha aproximación histórica á execución das obras sinaladas do noso repertorio, sendo fundamentais as testemuñas dos contemporáneos que escoitaron as execucións dos grandes autores para obter un criterio sólido respecto de a validez ou non dunha interpretación.

Tamén comparten as dúas materias o estudo do xurdimento de diversas escolas de interpretación baseándose en tradicións comezadas en torno a unha escola compositiva, ou viceversa, o nacemento dunha forma musical ou un estilo determinados polo rol dos intérpretes na sociedade.

Por todo elo os obxectivos serán moi coincidentes coa materia sinalada.

- Coñecemento dos trazos definitorios das diversas escolas e intérpretes ao longo da historia da música para teclado.
- Apreciación dos diferentes criterios nos que se sustentan interpretacións distintas da mesma obra.
- Relación das características singulares dos diversos instrumentos de teclado ao longo da historia coa aproximación interpretativa e pedagóxica dos seus coetáneos.
- Coñecemento das características físicas e sonoras do instrumento a fin de entender e aplicar o uso dos seus recursos.
- Comprensión e goce do feito musical, sumando novas referencias no alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Tal como establece a lei, a avaliación será continua e valoraranse aspectos atitudinais ademais dos conceptuais. A amplitude dos contidos da materia e a posibilidade de abordar os mesmos desde distintos campos, permite unha certa flexibilidade no tipo de



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS E/ OU
SISTEMAS DO PIANO**

probas que se realizarán. Así, estas serán escritas, de recoñecemento auditivo, traballo con partituras ou presentacións de traballos en clase. Deste xeito, comprobarase en diferentes fases a comprensión da materia polo alumnado. A calificación final poderá basearse en calquera destas tarefas ou dunha combinación de elas.

- Recoñecer as peculiaridades da execución das diferentes escolas pianísticas ao longo dos séculos.
- Recoñecer as singularidades dos instrumentos predecesores do piano e a evolución deste último.
- Coñecer, a través da audición e o visionado, as testemuñas históricas da música para piano conservada en gravacións.
- Ler algúns dos principais textos teóricos sobre o estudo técnico e a interpretación dos instrumentos de teclado.
- Profundar nos textos musicais de especial relevancia na transformación do estilo pianístico a través dos grandes compositores e pedagogos musicais.

BIBLIOGRAFÍA

As clases se impartirán coa axuda de diferentes medios audiovisuais, gravacións e o uso de varios libros, aínda que ningún deles será o texto oficial do curso. A cada alumno encomendaráselle a exposición oral individual de polo menos dous temas relacionados co temario que segue. Poden ser de utilidade libros como os seguintes:

- D. Levaillant El Piano (Ed. Labor)
- H.C. Schoenberg Los grandes pianistas (Javier Vergara ed.)
- L. Chiantore Historia de la técnica pianística (Alianza Música)
- H. Pinksterboer Piano (Guías Mundimúsica)
- J. Meffen Mejore su técnica de piano (Ma non troppo)
- A. Nieto La digitación pianística (Col. Mater Música)
- J. Banowetz El pedal pianístico (Ed. Pirámide)



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS E/ OU
SISTEMAS DO PIANO**

CURSO 1º

Tema 1 Características mecánicas e sonoras dos instrumentos para teclado que anteceden ao piano.

Tema 2 - O piano actual. Características físicas, acústicas e mecánicas.

Tema 3 Historia da evolución da construción do piano desde os seus inicios ata hoxe.

Tema 4 Testemuños da execución dos grandes intérpretes no século XVIII.

Tema 5 Os grandes intérpretes de principios do século XIX.

Tema 6 Os grandes intérpretes da segunda metade do século XIX.

Tema 7 Os intérpretes dos primeiros tempos da gravación sonora.

Tema 8 Os últimos herdeiros da tradición romántica.

Tema 9 Últimas tendencias. Cara a unha mundialización.

CURSO 2º

Tema 1 Primeiros métodos e tratados da técnica e execución da música para teclado desde o Renacemento ao século XVIII.

Tema 2 Os primeiros grandes teóricos para piano e os seus textos musicais. De Clementi a Czerny.

Tema 3 O desenvolvemento da técnica romántica. Os seus grandes logros.

Tema 4 Os grandes pedagogos do século XIX.

Tema 5 O método científico aplicado á técnica.

Tema 6 Opinións dos pianistas e pedagogos máis recentes.